

Manolo Rodríguez de Paradela

Manuel Rodríguez López, destacado escritor, deixou entre nós memoria grata de home entrañable, amador da súa terra, escritor comprometido e galego -en Cataluña ou en Galicia- consciente e exercente, defendendo o idioma e a cultura como os nosos bens máis prezados.

Deixounos unha obra literaria en prosa e verso que reivindicou e reivindica a nosa terra e a nosa xente, defende ao traballador, exalta a cultura herdada dos nosos devanceiros, e ten a Paradela como o seu gran Norte, como punto de orixe e de destino, e como lugar mítico, soñado, fito do Gran Camiño dos Cristiáns a Compostela.

E deixounos unha familia que, ao manter vivo o seu recordo como a familia de Manolo o fai, evidencia como debe ser un núcleo familiar onde os valores tradicionais, relixiosos, galegos, humanos, sobreviven ás persoas e axudan a seguir unha traxectoria firme e recta cara o futuro.

Fóisenos fisicamente Manolo Rodríguez e quédanos a súa familia: A súa viúva, Irene; os seus fillos, Enrique e Santi, a súa nora Mary, e o seu neto Carlos, que cun contorno numeroso de apoios familiares preséntanos a cotío a testemuña de amor e de lembranza que para nós quixeramos cando o momento se presente.

O Concello de Paradela, consciente da débeda permanente con quen tanto quixo a esta terra e tanto a serviu, fillo predilecto deste Concello, organiza anualmente o certame "Manuel Oreste Rodríguez López" de narrativa e poesía na súa memoria. E connosco, co goberno municipal convocante, está todo o concello entendido no senso máis amplo como o conxunto dos seus habitantes, e a familia do Manuel que co paso dos anos e pola agarimosa relación existente foise convertendo na familia do Concello de Paradela, á que todos queremos.

Nesta nova edición da anual publicación que Paradela efectúa para recoller os traballos premiados no Certame, presentamos os poemas e narracións correspondentes á XVI edición, na que o Xurado tivo o difícil traballo de elixir entre 72 poemas e 86 narracións, a inmensa maioría dunha gran calidade .

Para o Concello de Paradela e para min como Alcalde é unha grande satisfacción e orgullo poder presentar este anual resumen dun Certame Literario na honra do noso Fillo Predilecto, que constitúe o tomo número XVI da colección literaria que leva o nome de Manuel Rodríguez López, que se ten convertido nun Certame que supera todas as fronteiras, téndose recibido orixinais de toda España, e de diversos países de Europa e América.

Honrando ó noso literato e amigo, Paradela engrandece as súas letras e supera barreiras xeográficas para facer chegar a todo o mundo a memoria dun home xeneroso e bo que amou sen límites á súa terra e viviu sempre pensando nela.

José Manuel Mato Díaz,
Alcalde de Paradela.